

Planificación

Guía de Itinerarios e Optativas

Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. Itinerarios	4
2.1 Composición.....	4
2.2 Interpretación:.....	5
2.3 Musicoloxía	6
2.4 Pedagogía	7
3. Optativas	8
3.1 Cine e música: relacións interlingüísticas	8
3.2 Improvisación	9
3.3 Iniciación ao Jazz	10
3.4 Interpretación e produción da música folk, pop e as novas músicas.....	11
3.5 Música moderna (Historia do Rock&Roll)	12
3.6 Música tradicional galega	13
3.7 Saídas profesionais da música	14
3.8 Técnicas de Composición Aplicadas á Didáctica	15

1. INTRODUCCIÓN

O DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, *polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música*. Determina que o alumnado do sexto curso do Grao Profesional cursará un dos seguintes itinerarios formativos: Interpretación, Composición, Pedagogía ou Musicoloxía. Do mesmo xeito, dispón que “*correspóndelle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a ordenación das materias optativas que serán de oferta obrigatoria para os centros*”, que tamén serán cursadas no sexto curso, feito que se regula coa *Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se determinan as materias optativas das ensinanzas profesionais de música establecidas polo Decreto 203/2007, do 27 de setembro*. Sendo estas materias: Improvisación, Iniciación ao Jazz, Música Tradicional Galega e Técnicas de Composición Aplicadas á Didáctica. Ademais, cada centro ofertará ata un máximo de oito materias optativas entre as establecidas con carácter xeral e as propias do centro

O presente documento pretende ofrecer ao alumnado unha información que facilite a escolla das materias citadas.

2. Itinerarios

2.1 Composición

A composición representa unha das posibles continuacións dos estudos de Harmonía, dependendo do itinerario elixido. É a opción que poden escoller os estudantes que opten por afondar no camiño de composición, dirección orquestral ou coral ou musicoloxía; todos eles de marcado carácter teórico. Para estas disciplinas requiren unha sólida formación escrita, previa aos estudos de educación superior.

Hai que traballar tanto no aspecto harmónico como no contrapuntístico, pero non necesariamente como dous aspectos separados, senón como dúas dimensións complementarias na música. O aspecto harmónico tratábase directamente desde hai dous anos anteriores, mentres que o aspecto contrapuntístico comezará a traballarse a partir de agora durante os próximos dous anos. Ademais disto, debemos comezar a estimular o aspecto creativo dos exercicios, así como as consideracións estilísticas e outros aspectos, como o tratamento da tesitura, textura, orde e proporción na forma.

O contrapunto, para equiparalo cos coñecementos harmónicos xa adquiridos polo alumnado.

Farase neste sexto curso principalmente a través do estudo do contrapunto simple ou de especie. Un estudo de rigorosa disciplina, imprescindible para un bo estilo de escritura.

O segundo bloque será de carácter máis creativo, e abordará progresivamente os aspectos que inciden no desenvolvemento compositivo, e que complementan os aspectos harmónico-contrapuntísticos.

Trátase de construción melódica, técnicas de acompañamento, elección de texturas, trazos estilísticos (limitado ao clasicismo e ao barroco), características específicas da escritura instrumental e vocal, etc.

Se estás buscando unha materia que che permita desenvolver a túa creatividade, mellorar as túas habilidades musicais e divertirse mentres aprendes, o itinerario de Composición é sen dúbida unha excelente elección. Anímate a explorar o teu lado máis espontáneo e descubre todo o que podes lograr coa túa composición.

2.2 Interpretación:

O itinerario de **interpretación** procura dotar ao alumnado dunha base teórico-práctica sobre os aspectos que non son puramente musicais, pero que si afectan á práctica da interpretación. Non se trata dunha clase instrumental para aprender a interpretar, iso é propio da clase de instrumento.

Nesta materia, abordaranse contidos como a presenza escénica, a interpretación ao longo da historia, as diferentes ferramentas de memorización de partituras, estratexias de estudo e organización, ansiedade escénica, expresión musical e creatividade. A maneira de levar a cabo estes aprendizaxes é cunha metodoloxía teórico-práctica, na que se dan a coñecer os conceptos e a súa base científica para despois aplicalos de maneira práctica. Este é un dos puntos máis interesantes desta materia, xa que o alumnado será quen de materializar o coñecemento no seu repertorio.

Cabe salientar como dato de interese que resulta unha vantaxe que os grupos desta materia sexan para todas as especialidades instrumentais, pois cada ano o alumnado pode aprender vendo outros instrumentos.

No referente á avaliación, terase en conta a asistencia, as actividades realizadas na clase e as tarefas asignadas por cada bloque temático. Estas tarefas resultan da aplicación do contido teórico ao propio repertorio e práctica instrumental do alumno, polo que non se fai necesario a memorización íntegra da materia.

2.3 Musicoloxía

O **Itinerario de Musicoloxía** pretende ser unha introdución e preparación aos estudos de musicoloxía no conservatorio superior (as especialidades de Musicoloxía e Etnomusicoloxía impártense no Conservatorio Superior de Vigo) ou aos graos impartidos en numerosas universidades. A musicoloxía estuda dun xeito académico todos os aspectos relacionados coa música (sociais, técnicos, físicos, psicolóxicos, históricos...).

Durante o curso o alumnado construíra unha breve historia da disciplina, e sobre todo das correntes máis actuais da mesma (*new musicology*, musicoloxía feminista e de xénero, semiótica musical...). Tamén desenvolverá as competencias básicas necesarias para calquera investigación musicolóxica: organización e estruturación do traballo, consulta e citación de bibliografía, manexo das fontes e redacción de textos. O obxectivo final da materia é poder realizar un pequeno traballo de investigación, orixinal e creativo, sobre algún aspecto que interese ao propio alumnado.

Aínda que o itinerario está orientado cara aos estudos superiores de musicoloxía, tamén pode ser de utilidade para alumnado que vaia cursar calquera outra especialidade, e que nalgún momento dos seus estudos necesite facer un traballo de investigación (TFG:Traballo de fin de Grao ouTFM:Traballo de Fin de Master), xa que as competencias desenvolvidas durante o curso son comúns a calquera disciplina das ciencias sociais.






2.4 Pedagogía

Como xa saberás, os itinerarios, a diferenza das optativas, son materias obrigatorias impostas pola lei de educación e que pretenden preparar ao alumnado para os diferentes itinerarios posibles na educación superior.

Polo tanto **o itinerario de pedagogía** é unha presentación e unha preparación para a especialidade de pedagogía do conservatorio superior.

A programación da materia está baseada no currículo establecido polas leis educativas. É un currículo moi amplo que abarca moitos aspectos que neste caso están resoltos cunha serie de temas prácticos para que a súa **asimilación** sexa **máis doada** e sempre mediante a realización dunha serie de exercicios guiados que realizaremos principalmente na clase.

Avaliación da materia: NON realizaremos **EXAMES, SO EXERCICIOS OU PEQUENOS TRABALLOS** de diferentes tipos, algúns individuais e outros en grupo. A avaliación da materia consistirá na realización dunha serie de traballos para cada avaliación, traballos que iremos determinando ao longo do curso. É moi importante a asistencia a clase, a puntualidade, a participación e a atención, pois eses aspectos forman parte importante da nota (ver programación)

En que consiste a materia?  A materia de pedagogía se centra nalgúns aspectos teóricos como saber en que consiste a didáctica, a pedagogía, o papel do profesorado e do alumnado, a programación didáctica ou as unidades didácticas.  Coñeceremos aos principais pedagogos tanto da pedagogía xeral como da música.  Tamén traballaremos técnicas de aprendizaxe como a realización de exercicios prácticos extraídos dos temas, traballo de dinámicas de grupo, traballo no ordenador de mapas conceptuais ou presentacións.  Realizaremos exercicios en grupo seguindo as técnicas pedagóxicas máis importantes (Orff, Dalcroze, Kodaly, etc.).  Outro aspecto que traballaremos é practicar algunhas técnicas ou tácticas para dar clase e que nos poden axudar si queremos dedicarnos a iso no futuro (ou xa o facemos), etc.

3. Optativas

3.1 Cine e música: relacións interlingüísticas

A materia *Cine e música: relacións interlingüísticas* céntrase no vínculo que se establece entre a sintaxe musical e a sintaxe do audiovisual cinematográfico.

Cada alumn@ terá acceso a un pdf con todas as partituras e apuntamentos do curso, e tamén a un cartafol para que poida visualizar os fragmentos en vídeo e audio para realizar os exercicios propostos. Cada un dos contenidos do curso se explicará e ilustrará mediante pequenos fragmentos de películas. A tipoloxía dos exercicios será de análise visual, visual-musical e de creación audiovisual.¹

- a) Identificar elementos visuais cinematográficos nunha escena
- b) Recoñecer nunha película os distintos tipos de banda sonora musical según a fonte sonora (diexética, diexética interna, extra-diexética), súas combinacións e mutacións.
- c) Identificar nunha partitura cinematográfica os distintos elementos visuais (planos, transicións, accións, etc.) dunha escena e relacionalos cos elementos musicais.
- d) Realizar pequenas secuencias audiovisuais sincronizando os elementos visuais cinematográficos cos elementos da banda sonora musical.

Na primeira parte do curso explicaranse os elementos visuais que contén unha película, facendo fincapé nos tipos de planos (fixos e en movemento) e as súas funcións (expresivas, de acompañamento, descritivas, metafóricas, etc.).

A segunda parte da materia céntrase na banda sonora musical cinematográfica (*film-score* e *soundtrack*). Ensinaranse as súas categorías, combinacións e mutacións.

Na terceira parte poñerase o foco na conexión entre cada un dos elementos musicais que compoñen a banda sonora musical (acordes, cadencias, progresións, ritmos, melodías, o silencio musical, etc.) e os distintos elementos cinematográficos (planos, cortes, fundidos, accións, etc.).

¹ As actividades para a creación audiovisual realizaránse coa aplicación [CapCut](https://www.capcut.com/es-es/) (<https://www.capcut.com/es-es/>), editor de vídeo de código libre dispoñible para as plataformas Android, iOS, MacOs e online a través de calquera sistema operativo.

3.2 Improvisación

A materia optativa musical de Improvisación no noso Conservatorio é unha excelente opción para aqueles estudantes interesados en desenvolver a súa creatividade musical e habilidades de improvisación. Nesta materia, os alumnos aprenderán diferentes técnicas e estratexias para improvisar en diversos estilos musicais, como jazz, blues, rock, funk, ... entre outros. Isto ofrece aos estudantes a posibilidade de ampliar o seu repertorio musical e adquirir ferramentas que poderán aplicar nas súas interpretacións e improvisacións.

Durante as clases de Improvisación, os estudantes terán a oportunidade de explorar e experimentar con diferentes escalas, acordes e progresións harmónicas. Aprenderán a desenvolver o seu oído musical e recoñecer patróns melódicos e rítmicos para improvisar de forma fluída e expresiva.

As clases de Improvisación lévanse a cabo nun entorno dinámico e participativo, onde os estudantes teñen a oportunidade de experimentar e expresarse libremente a través da música. Foméntase a interacción entre os alumnos, permitíndolles improvisar xuntos e aprender uns dos outros.

Se a instrumentación o permite, as clases enfocaranse en cumprir os obxectivos mediante a práctica en Combo (*grupo de música onde se aprenden diferentes estilos musicais e trabállase o feito de tocar en colectivo*). Para cumprir as diferentes funcións do Combo se necesita un instrumento rítmico (Batería), un instrumento harmónico (Piano, Guitarra,...) e un instrumento base (Contrabaixo, Tuba, Saxo Barítono,...), todos os demais instrumentos solistas serán benvidos. No caso de non poder completar o Combo, utilizaranse ferramentas de competencia dixital (iReal Pro).

Se estás buscando unha materia que che permita desenvolver a túa creatividade, mellorar as túas habilidades musicais e divertirte mentres aprendes, a materia optativa de Improvisación é sen dúbida unha excelente elección. Anímate a explorar o teu lado máis espontáneo e descubre todo o que podes lograr coa improvisación!

3.3 Iniciación ao Jazz

A formación integral do músico require unha gran variedade de enfoques estilísticos, estéticos e artísticos que amplíen o seu horizonte profesional. Ao longo do século XX, o jazz preséntase como unha manifestación musical e cultural de carácter universal en permanente estado evolutivo e con características propias en canto a estilos, procedementos harmónicos ou formacións instrumentais, converténdose nun campo de gran interese para o desenvolvemento da creatividade e da expresión musicais nas diferentes especialidades instrumentais, e especialmente para aqueles alumnos coa perspectiva de acceder á especialidade de jazz no grao superior. Esta materia terá un carácter principalmente práctico, de asimilación no instrumento de coñecementos teóricos previos, incluíndo aspectos harmónicos, rítmicos, melódicos ou formais, sen esquecer os recursos interpretativos característicos propios do jazz en canto a articulación, fraseo, sonoridade ou técnicas instrumentais, así como a práctica da lectura para vista e o desenvolvemento da memoria sobre temas de repertorio jazzístico.

Nas aulas desenvolveremos a creatividade mediante a improvisación e coñeceremos mediante apoio audiovisual a importancia histórica do jazz e da música improvisada, valorando as aportacións e influencias mutuas coas músicas do século XX. [1] [SEP]

O alumnado interpretará un repertorio de pezas básicas que lles permita coñecer a evolución dos diferentes estilos e os principais intérpretes do blues e jazz, así como a función dos diversos instrumentos.

Nesta materia optativa ten cabida todo o alumnado do conservatorio e pretende ser un espazo no que se valore e fomente a creatividade, traballando repertorio jazz e blues básico.

A avaliación da materia será principalmente baseada no traballo na aula e a integración no conxunto.

3.4 Interpretación e produción da música folk, pop e as novas músicas

O mundo da música actual demanda nos novos intérpretes unha serie de destrezas que exceden á mera interpretación musical. Isto fai que a formación deba abordar máis contidos dos habituais traballados normalmente nos conservatorios. Neste aspecto, unha boa formación integral deber nutrir aos novos músicos de coñecementos sobre as diversas áreas nas que se enfrontará na súa carreira musical: novas músicas, amplificación, electrónica, produción, xestión e promoción da súa carreira artística.

Ofreceremos ao alumnado todo o proceso de produción e preparación dun repertorio de estética folk-pop, con cancións e obras instrumentais. Abordaremos dende a composición, o arranxo, a orquestración ata a interpretación en vivo, gravación e produción audiovisual. Dentro da interpretación son importantes os aspectos técnicos a traballar, con contidos sobre microfonía, sonorización e recursos electrónicos e dixitais, para que o alumnado aprenda a sacarlle o máximo rendemento ao seu instrumento e así prepararse para os concertos e gravacións que afrontará na súa carreira musical. Nesta preparación para o mundo do espectáculo, ofreceremos ao alumnado rudimentos básicos sobre a industria musical, o funcionamento dos estudos de gravación e como compartir, distribuír e rexistrar as súas obras da maneira correcta.

Nesta materia optativa ten cabida todo o alumnado do conservatorio e pretende ser un espazo no que se valore e fomenta a creatividade, traballando tanto repertorio folk e pop do século XX como composicións dos propios asistentes. A avaliación da materia será principalmente baseada no traballo na aula.

3.5 Música moderna (Historia do Rock&Roll)

Sabes que significan os estilos Mathcore, Shock Rock, Soft Rock, New Wave, Rock Industrial ou Riot Grrrl? Sabes cal é o estilo musical que define a Lana del Rey, Oasis, Green Day, Ed Sheeran, Amy Winehouse, Twenty One Pilots, ou Metallica?

A RESPOSTA ESTÁ NAS LIÑAS SEGUÍNTES.

A materia de Música Moderna está pensada para o alumnado que queira afondar na música actual (para entendernos rock, electrónica, dance, alternativa, etc.) e na súa historia e evolución nos case 70 anos que xa ten de vida.

Como todas as demais materias incluídas optativas e itinerarios, esta materia conta cunha programación na que se detallan aspectos relacionados con ela e que vos pode servir para comprobar os aspectos mencionados nestas presentacións.

A materia de A MÚSICA MODERNA é por lóxica unha materia práctica que busca: recoñecer estilos, coñecer de onde procede a música que escoitamos hoxe en día e por que é como é, diferenciar os principais grupos e intérpretes, situar no seu contexto e coñecer pezas musicais que pola súa importancia xa pertencen á cultura popular en particular e á cultura da música occidental en xeral, entre outras cousas.

Polo tanto comezaremos escoitando e visualizando coa axuda da internet os principais temas dende mediados dos anos 50 e avanzaremos polas décadas posteriores ata chegar á música máis significativa dos nosos días. Facendo tamén un oco para a música española.

Xunto a este traballo de escoita e visualización poderemos intercalar (sempre que o alumnado da materia o desexe) algunha clase práctica na que montaremos algún tema entre todas/os (tema tamén elixido entre todo o grupo)

A avaliación da materia consistirá nun par de traballos que realizaremos en cada avaliación, traballos que tamén determinaremos ao inicio do curso. É moi importante a asistencia a clase, a puntualidade e a atención, pois eses aspectos forman parte importante da nota (ver programación)

EN RESUMO A MATERIA CONSISTE BASICAMENTE EN ESCOITAR MÚSICA E VER VÍDEOS, O QUE RESULTA MOI RELAXANTE E DOADO DESPOIS DUN DURO DÍA DE CLASES

3.6 Música tradicional galega

Achegamento á música tradicional tanto para aqueles que teñen algún coñecemento previo (pertenza a grupos folclóricos, especialidade de gaita, etc.) como para aqueles que nunca estiveron en contacto con este tipo de música.

Pretendemos nesta materia dar resposta ás preguntas Que é?, Que a conforma? Onde podemos atopala? Como achegarnos a ela?

Os contidos, que traballaremos de forma moi básica, podemos resumilos nos seguintes:

- Breve historia e achegamento á definición de *Música Tradicional*
- Cales son os principais ritmos e xéneros da música tradicional galega
- Onde atopar información: principais fontes bibliográficas e fonográficas, portais institucionais, arquivos sonoros, etc.
- Principais instrumentos da música tradicional: achegamento a organoloxía e clasificación dos mesmos
- Relación da música coa vida das persoas
- Personaxes relevantes (intérpretación, investigación, figuras históricas, etc)

A metodoloxía que seguimos na aula está sustentada na práctica e na aprendizaxe por descuberta. Buscamos aprender facendo. Para iso, o canto acompañado de percusión de man (pandeireta, cunchas, lata, ferriños, etc.) será unha das ferramentas fundamentais. A análise desas cancións tradicionais posibilitará o achegamento tamén teórico ás música de tradición oral.

Máis que un coñecemento en profundidade, buscamos experimentar, adquirir nocións básicas e traballar diferentes aspectos da música tradicional relacionados con outros ámbitos da vida. Así mesmo, proporcionar a información necesaria para atopar os materiais ao noso alcance relacionados coa música tradicional galega.

3.7 Saídas profesionais da música

Esta materia ten como obxectivo dar a coñecer as distintas posibilidades académicas e profesionais vinculadas coa música de cara ao seu futuro profesional. A avaliación realizarase en base a un traballo escrito sobre as saídas académicas e profesionais e un currículum vitae, a través dun programa de texto. Estas tarefas serán realizadas nos períodos lectivos coas pertinentes explicacións do profesorado.

As clases consistirán en lectura de artigos, buscas en internet, aportacións persoais do alumnado, explicacións do profesorado e a realización dun traballo escrito e un currículum vitae tendo como ferramenta un ordenador con conexión a internet. É dicir, a materia “Saídas Profesionais da Música” é unha materia sobre todo práctica na cal se realizarán debates con aportacións persoais do alumnado, lectura de información sobre profesións e estudos relacionados ca música, buscas de información laboral en internet e a realización dun traballo sobre a materia e un currículum a través dun procesador de texto. A continuación móstranse distintas cuestións que o alumnado aprenderá nesta materia:

1. Coñecer saídas profesionais vinculadas coa música
2. Coñecer Centros Superiores de Música e o seu profesorado.
3. Utilizar o programa de Libreoffice Writer.
4. Realizar un traballo escrito estruturado.
5. Citar fontes bibliográficas.
6. Realizar unha bibliografía e unha webgrafía.
7. Facer un currículum profesional e un musical para un programa de man.
8. Coñecer a súa madurez vocacional a través do autoconhecimento, a información de estudos e profesións e a toma de decisións vocacionais.

A materia “Saídas Profesionais da Música” faise necesaria para un alumnado (6º GP) que remata os seus estudos no conservatorio profesional e que deberá definir xa o seu futuro académico nun Centro Superior e por conseguinte o seu futuro profesional.

3.8 Técnicas de Composición Aplicadas á Didáctica

A programación didáctica de técnicas de composición aplicadas á didáctica é un documento que non especifica o número de situacións de aprendizaxe que se realizarán ao longo do curso escolar, que se presenta como unha ferramenta de traballo para o correcto desenvolvemento do traballo docente, que sería un terceiro nivel de concreción curricular para facilitar ou aglutinar os conceptos teóricos á práctica docente.

Valorar os códigos expresivos e comunicativos que conflúen na elaboración de programas audiovisuais, espectáculos e eventos, analizando a súa estrutura funcional e as súas relacións, deducir as características formais e expresivas dos proxectos.

Analizar e utilizar recursos e oportunidades de aprendizaxe relacionados coa evolución do sector científico, tecnolóxico e organizativo e tecnoloxías da información e tecnoloxía comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse ás novas situacións laborais e persoais.

Aplicar parámetros de calidade nos traballos e actividades desenvolvidas no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade e ser capaz de supervisar e mellorar os procedementos de xestión da calidade.

A metodoloxía a empregar para acadar os obxectivos propostos debe ser activa e participativa, buscando sempre unha aprendizaxe significativa. Debe partir do nivel inicial do alumnado, dos seus coñecementos previos e a partir de aí, construír esa aprendizaxe

Por todos estes motivos, a adquisición de contidos conseguirase mediante unha combinación de aprendizaxe por experimentación, descubrimento guiado e aprendizaxe de recepción verbal significativa.

O alumnado recibirá materiais previamente organizados, propostas de actividades prácticas sobre aqueles materiais e propostas para actividades de investigación.

Organizáronse e cronometraron as unidades didácticas, graduáronse en complexidade e sumando conceptos procedimentais con cada un, para que poidan ser avaliados continuamente.

